


Campaña RosalíaTE. Día de Rosalía de Castro

📅 21/02/2017 👤 Briefing Galego



El próximo viernes 24 de febrero se celebrará el Día de Rosalía de Castro, con motivo del aniversario del nacimiento de la autora. La **Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG)** ha emprendido la campaña "RosalíaTE" para recordarla, y proponen a la ciudadanía que regalen un libro en gallego y una flor para recordarla.

Estos días se celebrarán múltiples lecturas públicas de la obra de Rosalía de Castro bajo el lema "RosalíaTE", y animan a subir publicaciones a las redes sobre la autora con ese hashtag. Decenas de ayuntamientos y centros educativos gallegos se han unido a la campaña.

Reproducimos el comunicado publicado por esta entidad con motivo del Día de Rosalía de Castro:

Manifesto da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) no Día de Rosalía de Castro 2017

En Galicia existen infinitas formas de amencer: abrente, alborada, clarexa, luzada, rompente. A lírica que abraza os

versos de Rosalía posúe as cores reveladoras da primeira luz.

Imaxino a Rosalía no século XIX e vexo unha muller que se aferra ás palabras sen complexos e fai con elas o que o corazón lle pide ao oído en cada instante: fitas de encaixe, diamantes, armas de construción masiva ou versos predestinados a furar as consciencias e facer cambalear os piares do inmobilismo.

Esa é ela. Unha xigante que non precisa respiración asistida, nin prantos, nin ritos florais. Os pulmóns da súa obra aférranse ao futuro e ínflanse coa forza dun país que respira cultura por cada fenda.

En Galicia existen infinitas formas de querer e nós queremos paxaro, lume, emoción. Querémoste eléctrica e lúa. Insubmisa e valente. A voz que hoxe portaría unha pancarta na cabeza dunha manifestación contra a violencia machista ao berro de: Basta xa, querémonos vivas! A que quedaría afónica de solicitar, día tras día, unha maior presenza do galego na escola, na rúa, na vida. Na Galicia nosa que se estremece por momentos.

Imaxino a Rosalía e véxoa afirmando: Son muller e son galega. Reivindícome como escritora na miña propia lingua e non consinto que ninguén apague a miña voz. Estou tan viva que os meus versos rabuñan as paredes do panteón de galegas ilustres ata facelas sangrar. Négame a ser unha estranxeira exiliada na miña patria. Quero abarcar toda a luz e contaxiarte.

En Galicia existen infinitas formas de chover,

Como chove miudiño,

como miudiño chove,

pola banda de Láíño,

pola banda de Lestrove.

E con esa maxia pronuncio: babuxa, chuvisca, poalla, chuvia, barruzo, dioivo. A lírica que arroupa os versos de Rosalía é un bico anfíbio. Debaixo da auga nada a pracer, presumindo das súas branquias. Fóra dela, quita o traxe de escamas, mete as mans na terra e arrinca un libro e unha flor. Esa coa que hoxe queremos agasallar ao mundo. RosalíaTe!